

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

EXPEDIENTE: 354/ 2024

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2024

Visto, o expediente tramitado para a contratación laboral-temporal, a xornada completa e con duración de tres meses, para os postos de traballo de 1 Xefe de Brigada, 1 Peón-Conductor e 3 Peóns de Brigada, encadrados dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do ano 2024, conforme ás Bases que se aprobaron por Resolución desta Alcaldía de data 6 de xuño de 2024. (Anuncio da Convocatoria no BOP de Lugo nº 134, do 11/06/2024, no taboleiro de anuncios e páxina web).

Visto que na primeira selección realizada o 09/07/2024, non se cubriron 2 postos de peóns, realizaouse ese mesmo día unha convocatoria urxente presentando unha oferta ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vistos os candidatos enviados polo SPEG, e comunicándolles que o proceso de selección consistirá nunha fase de concurso, na que se valorará os meritos alegados e acreditados documentalmente polos aspirantes de acordo o punto 6.2 das bases da convocatoria e tendo en conta o punto 7.

Pola presente, de conformidade co establecido nas devanditas Bases de selección e en uso das atribucións legais, acordo :

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidente.- D. Marcos Trashorras Reija, Empregado Público da Consellería do Medio Rural.

Suplente : D. José López González, Empregado Público do Concello de Dozón.

Secretaría.- Dna. Natalia Puente Piñeiro, Empregada Pública do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado Público do Concello de Begonte.

Vogais.-

1º.- Titular: D. Juan Lamas Dorado, Empregado Público da Consellería do Medio Rural.

Suplente : D. José Angel Balseiro Amido, Empregado Público do Concello de Rábade.

2º.- Titular : D. Isaac López Villamor, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente : Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Empregada Pública do Concello de Baralla.

3º.- Titular : Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Empregada Pública do Concello de Begonte.

Suplente : Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada Pública do Concello de Láncara.

Terceiro.- Convocar aos membros do tribunal de forma telemática para a súa



constituición o vindeiro luns día 22/07/2024, ás 10:00 h, para proceder a valoración dos meritos alegados polos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, e que aportaron a documentación baremable no prazo establecido.

Cuarto.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Mándao e asíno o sr. Alcalde Presidente, en Begonte, de todo o cal eu secretario dou fe.

O ALCALDE/PRESIDENTE.

A SECRETARIA ACCIDENTAL.

